

**Convocatoria da Sesión Ordinaria da Xunta de Goberno Local
para o 13 de setembro de 2021 (XGL 20/2021)**

Conforme ó ordenado pola Alcaldía por Resolución núm. 2324/2021 de 9 de setembro, e de acordo co previsto no art.113.1. e 2 do R.D. 2568/1986 e art. 3.2 a) do R.D. 128/2018, como membro do seguinte órgano colexiado deste Concello, convócaselle á sesión Ordinaria da Xunta de Goberno Local que terá **lugar no salón de** Plenos do concello de Carballo o **13 de setembro de 2021, ás 13:30 horas en primeira convocatoria**, e de non haber “quórum” suficiente, en segunda convocatoria unha hora despois.

Así mesmo informásele que a copia do borrador da Acta da sesión anterior foille remitida en formato PDF ó enderezo electrónico que consta na copia da notificación da convocatoria. Do mesmo xeito, comunícaselle que a partir desta data está á súa disposición, nesta Secretaría Xeral, a documentación dos asuntos que se inclúen na Orde do Día da presente convocatoria.

Sesión de: Xunta de Goberno Local	Data da sesión: 13-09-2021
Convocatoria: Sesión Ordinaria 20/2021	Hora: 13:30

1.- Acta da sesión anterior (30/08/2021). Aprobación

2.- Publicacións boletíns oficiais.

3.- Decretos. Dación de conta.

4.- Xulgados e tribunais

5.- Gratificacións.

6.- Facturas. Aprobación e pago.

7.- Subvencións.

7.1.- Convocatoria de subvencións dirixidas a entidades deportivas para o financiamento de organización e participación en fases finais de ascenso a competicións nacionais e campionatos de España durante o ano 2021. Resolución.

7.2.- Convocatoria de subvencións dirixidas a entidades deportivas para o financiamento de organización de eventos deportivos e actividades deportivas de carácter extraordinario durante o ano 2021. Resolución.

7.3.- Convocatoria de subvencións dirixidas a entidades deportivas para o financiamento de proxectos de actividade xeral durante o ano 2021. Resolución.

8.- Licenzas de obra.

8.1.- Reforma e ampliación de vivenda na rúa Cemiterio Vello núm. 23. Expte. 2021/U022/000057.

9.- Licenzas de primeira ocupación.

9.1.- Licenza de 1ª Ocupación e inicio da actividade de nave industrial destinada a almacén. Rúa Titanio-rúa Ferro, parcela agrupada J12-C2-C3-C4-C7A-C7B, Parque Empresarial de Bértoa. Expte. 2021/U007/000015.

9.2.- Licenza de 1ª Ocupación e inicio da actividade de nave industrial vinculada ao complexo industrial existente de elaboración de conservas, execución de peirao de carga, obras de urbanización e viario interior. Expte. 2020/U007/000009 .

9.- Licenzas de primeira ocupación.

9.1.- Licenza de 1ª Ocupación e inicio da actividade de nave industrial destinada a almacén. Rúa Titanio-rúa Ferro, parcela agrupada J12-C2-C3-C4-C7A-C7B, Parque Empresarial de Bértoa. Expte. 2021/U007/000015.

9.2.- Licenza de 1ª Ocupación e inicio da actividade de nave industrial vinculada ao complexo industrial existente de elaboración de conservas, execución de peirao de carga, obras de urbanización e viario interior. Expte. 2020/U007/000009 .

10.- Licenzas de parcelación.

10.1.- Licenza de parcelación no lugar de Pedra do Sal. Expte. 2021/U018/000006.

11.- Proxecto de equidistribución do sector de solo urbanizable SUR-D/S-T3/AR.S-T3 - A REVOLTA. Aprobación definitiva. Expte. 2021/U036/000001.

12.- Proxecto de urbanización do sector de solo urbanizable SUR-D/S-T3/AR.S-T3 - A REVOLTA. Aprobación definitiva. Expte. 2021/X999/000084.

13.- Plan especial de ordenación do núcleo rural de Pedra do Sal e protección do seu entorno, PE1 "Pedra do Sal". Aprobación inicial. Expte. 2018/X999/000311.

14.- Expedientes de contratación. Modificación.

14.1.- Contrato administrativo de servizos para a "Limpeza viaria e servizos conexas do Concello de Carballo, reservado a centros especiais de emprego e empresas de inserción laboral" (SAT. 08/2016) Modificación núm. 2. Prórroga.

15.- Expedientes de contratación. Aprobación.

15.1.- Contrato administrativo denominado "Aplicación informática para la prescripción digitalizada de ejercicio físico a los usuarios de los servicios deportivos de prestación directa por el Ayuntamiento de Carballo" (SUM 11/2021). Aprobación.

16.- Expedientes de contratación. Imposición de penalidades.

16.1.- Contrato mixto de suministro y obra para la instalación de los aparcamientos para bicicletas. Programa de crecimiento sostenible 2014-2020 "Ciclando Carballo, movilidad ciclista y peatonal" (SUM 23/2020). Imposición de penalidades.

17.- Rogos e Preguntas.

O que se notifica ós correspondentes efectos.

En proba da recepción da convocatoria e a orde do día, no seu caso, sírvase asinar a presente. Documento asinado dixitalmente, en Carballo, na data que figura á marxe.

A Secretaria acctal.,
Dª. Carmen del Río Rodríguez